



*Regulamento carreira popular “III Milla Popular Interxeracional - Concello de Fene”  
07-06-2026*

**CARREIRA POPULAR  
“III MILLA POPULAR INTERXERACIONAL – CONCELLO DE FENE”  
7 DE XUÑO DE 2026**

**REGULAMENTO DA PROBA**

**Artículo 1. INFORMACIÓN BÁSICA**

O Concello de Fene organiza a Carreira popular “III MILLA POPULAR INTERXERACIONAL – CONCELLO DE FENE”. A proba terá lugar o día 7 de xuño de 2026 a partir das 11:00 horas.

A saída e meta estarán situadas na Avenida do Mar de San Valentín, á altura do pavillón da Xunqueira.

No caso de choiva, as carreiras de menores poderán realizarse no interior do pavillón da Xunqueira.

**As categorías infantís ata benxamín** (Prebiberón 1, Prebiberón 2, Biberón, Prebenxamín e Benxamín) **poderán correr acompañadas dunha persoa adulta**. Nestas categorías non se fará clasificación nin levarán trofeo aínda que si levarán medalla tódalas persoas participantes ao rematar de cada unha das carreiras.

**Artículo 2.- PARTICIPANTES**

A proba está aberta a tódalas persoas, federadas ou non, sen distinción de sexo ou nacionalidade.

Cada participante corre baixo a súa responsabilidade e dispón dun nivel de condición física suficiente para afrontar a proba.

**Artículo 3.- CATEGORÍAS**

Establécense as seguintes categorías de participación segundo os anos de nacemento e aulas dos centros de ensino.

CATEGORÍAS	IDADES
PREBIBERÓN 1	Aula de 3 anos (Nacidos/as no 2022)
PREBIBERÓN 2	Aula de 4 anos (Nacidos/as no 2021)

*Reglamento carreira popular “III Milla Popular Interxeracional - Concello de Fene”  
07-06-2026*

BIBERÓN	Aula de 5 anos (Nacidos/as no 2020)
PREBENXAMÍN	Aulas de 1º e 2º de Primaria (Nacidos/as no 2018 - 2019)
BENXAMÍN	Aulas de 3º e 4º de Primaria (Nacidos/as no 2016-2017)
ALEVÍN	Aulas de 5º e 6º de Primaria (Nacidos/as no 2014-2015)
INFANTIL	Aulas de 1º e 2º de Secundaria (Nacidos/as no 2012-2013)
CADETE	Aulas de 3º e 4º de Secundaria (Nacidos/as no 2010-2011)
SUB 23 ANOS	Nacidos/as no 2004, 2005, 2006, 2007, 2008 e 2009
SENIOR (23 a 34 anos)	Nacidos/as en 2003 ou anos anteriores
MÁSTER (35 anos en diante)	35 anos cumpridos o día da carreira

**Artículo 4.- HORARIOS E DISTANCIAS**

O circuito sobre asfalto estará pechado ao tráfico (salvo os vehículos autorizados pola Organización) e estará controlado e vixiado por Protección Civil e colaboradores da Organización. Calquera outro tipo de acompañamento está prohibido.

Tódalas categorías correrán nun circuíto urbano dentro de San Valentín. As saídas das carreiras terán lugar ás seguintes horas coas distancias que se relacionan:

CATEGORÍAS	IDADES	HORA DE SAÍDA (*)	DISTANCIA A PERCORRER
PREBIBERÓN 1	Aula de 3 anos (Nacidos no 2022)	11:00	50 mts
PREBIBERÓN 2	Aula de 4 anos (Nacidos no 2021)	11:10	50 mts
BIBERÓN	Aula de 5 anos (Nacidos no 2020)	11:20	100 metros
PREBENXAMÍN	Aulas de 1º e 2º de Primaria (Nacidos no 2018 - 2019)	11:30	200 metros
BENXAMÍN	Aulas de 3º e 4º de Primaria (Nacidos no 2016-2017)	11:40	200 metros

*Reglamento carreira popular “III Milla Popular Interxeracional - Concello de Fene”  
07-06-2026*

ALEVÍN	Aulas de 5º e 6º de Primaria (Nacidos no 2014-2015)	11:55	400 metros
INFANTIL	Aulas de 1º e 2º de Secundaria (Nacidos no 2012-2013)	11:55	400 metros
CADETE	Aulas de 3º e 4º de Secundaria (Nacidos no 2010-2011)	12:10	MILLA (1.600 mts aprox)
SUB 23 ANOS	Nacidos no 2004, 2005, 2006, 2007, 2008, 2009	12:10	MILLA (1.600 mts aprox)
SENIOR (23 a 34 anos)	Nacidos en 2003 ou anos anteriores	12:10	MILLA (1.600 mts aprox)
MÁSTER (35 anos en diante)	35 anos cumpridos o día da carreira	12:10	MILLA (1.600 mts aprox)

(\*). Os horarios de saída son aproximados e poden variar segundo o desenvolvemento das carreiras.

Estableceranse quendas de saída de grupos reducidos nas categorías de Prebiberón 1, Prebiberón 2, Biberón, Prebenxamín e Benxamín (nas que non haberá clasificacións).

#### **Artículo 5.- INSCRICIÓNS e INFORMACIÓN**

- Máis información na páxina web do Concello de fene: [www.fene.gal](http://www.fene.gal) ou no teléfono o Departamento de Cultura e Deportes: 981 34 03 66 ou 607 615 962.
- As Inscripcións DE BALDE poderán formalizarse: dende o 27 de abril, ata as 13:00 horas do día 2 de xuño:
  - Presencialmente no Departamento de Cultura e Deportes (Avda. Naturais, nº 44, entrechán)
  - Por correo electrónico, enviando a ficha de inscrición que figurará na páxina web do Concello a [cultura.deportes@fene.gal](mailto:cultura.deportes@fene.gal)
  - Os Centros de ensino poderán enviar a relación de alumnado participante ao correo electrónico [cultura.deportes@fene.gal](mailto:cultura.deportes@fene.gal) ou levar o listado presencialmente ao Departamento de Cultura e Deportes.



Regulamento carreira popular “III Milla Popular Interxeracional - Concello de Fene”  
07-06-2026

Colleranse tamén inscricións individuais o sábado día 6 de xuño de 10:30 a 13:30 horas e o mesmo día da carreira de 9:30 a 10:30 horas.

**Artículo 6.- CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN**

6.1.- Os participantes comprométense a:

- Aceptar estritamente tódolos artigos do presente regulamento.

- Aceptar as posibles modificacións da proba que teña que realizar a Organización obrigada por causas alleas á súa vontade.

6.2.- A inscrición da carreira é persoal e intransferible.

6.3.- A formalización da inscrición implica ter lido, entendido e adquirido o compromiso que a continuación se expón:

***“Certifico que estou en bo estado físico. Eximo á organización, aos colaboradores ou patrocinadores comerciais, directivos, empregados e demais organizadores, de toda responsabilidade que da participación no evento puidera derivarse tal como perda de obxectos persoais por roubo ou outras circunstancias e do perigo de lesión.”***

6.4.-Asemade, no momento de formalizar a inscrición, os participantes estarán declarando a súa responsabilidade sobre os seguintes termos:

- x Que teño lido, entendido, aceptado e me comprometo a cumprir o Regulamento desta proba, colaborando en todo o posible coa Organización.
- x Que non pertenzo a ningún grupo de risco.
- x Que son consciente dos riscos que implica a participación na actividade, e que os asumo baixo a miña propia responsabilidade.



*Regulamento carreira popular “III Milla Popular Interxeracional - Concello de Fene”  
07-06-2026*

É importante ter en conta que esta declaración responsable fará referencia ao mesmo día da proba, polo que no caso de non poder cumprir algún dos puntos anteriores, o/a atleta non tomará parte na carreira.

*6.5.- A Organización resérvase o dereito a rexeitar calquera inscrición que non acepte os termos e condicións do evento expostos no presente regulamento. No caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non especificada no mesmo, estarase ao que dispoña a organización.*

*6.6.- Retiradas e descualificacións*

*O servizo médico da competición e os xuíces árbitros están facultados para retirar da carreira a :*

- Calquera atleta que manifeste un mal estado físico.
- A todo atleta que non realice o percorrido completo
- A todo atleta que non teña dorsal ou non o leve visible por diante, dobre ou manipule a publicidade ou o fotocopie.
- A todo atleta que manifeste un comportamento non deportivo ou se reitere en protestas ante a Organización, á marxe do estipulado no apartado de reclamacións.

**Artículo 7.- CUSTO DA INSCRICIÓN**

A inscrición será GRATUÍTA para tódalas categorías.

**Artículo 8.- RETIRADA DE DORSAL**

Os participantes poderán retirar o dorsal no pavillón polideportivo da Xunqueira (San Valentín):

- O día 5 de xuño (venres) de 16:00 a 22:00 horas.
- O día 6 de xuño (sábado) de 10:30 a 13:30 horas.

Poderanse recoller tamén o día 7 de xuño, de 9:30 a 10:30 horas, na zona de saída das carreiras.



*Reglamento carreira popular “III Milla Popular Interxeracional - Concello de Fene”  
07-06-2026*

**Artículo 9.- PREMIOS**

- Habereá **medalla de participación** para tódolos participantes das carreiras en idade escolar, dende Prebiberón 1 ata Infantil.
- Habereá **medalla de podio** para os/as 3 primeiros/as clasificados/as das categorías Alevín, Infantil, Cadete, Sub 23, Senior e Máster
- Habereá 1 **Trofeo** para o campión absoluto e para a campioa absoluta da Milla.

**Artículo 10.- APELACIONES**

As reclamacións relativas á clasificación deberán facerse verbalmente, antes dos 15 minutos de facerse públicos os resultados, ás/aos xuízas/ces árbitros, sendo estas persoas as encargadas de resolvelas.

Todo o non previsto neste regulamento resolverase conforme as normas da F.G.A. , R.F.E.A. e A.A.F. por esta orde.

**Artículo 11.- AVITUALLAMENTOS**

Na zona de meta establecerase un avituallamento final líquido e sólido

**Artículo 12.- SEGUROS**

Tódolas persoas participantes estarán cubertas por unha póliza de Responsabilidade Civil, e outra de Accidentes deportivos contratada polo Concello de Fene para esta proba, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da carreira. Quedan excluídos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa de competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo.

A Organización declina toda responsabilidade sobre os danos físicos ou morais que durante a participación nesta proba poida causarse un atleta a si mesmo/a ou a terceiros.



*Reglamento carreira popular “III Milla Popular Interxeracional - Concello de Fene”  
07-06-2026*

**Artículo 13.- CONSENTIMENTOS**

Tódolas persoas participantes, polo feito de formalizar a inscrición, dan o seu consentimento para que a Organización, por si mesma ou mediante terceiras entidades, traten informaticamente e con finalidade exclusivamente deportiva ou promocional os seus datos de carácter persoal, así como a súa imaxe dentro da proba mediante fotografías, vídeo, etc.

De acordo co que establece a lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, o participante poderá exercer o seu dereito de acceso a estes ficheiros co obxecto de rectificar ou cancelar de forma parcial ou total o seu contido. Para exercer este dereito deberá solicitalo por Rexistro ao Concello de Fene (Praza do alcalde Ramón José Souto González, s/n. 15500. Fene)

**Art. 14 - ASISTENCIA MÉDICA**

A Organización contará con servizos médicos e ambulancia na zona de saída/meta desde media hora antes do comezo das probas e ata a finalización das mesmas. Os servizos médicos e a Organización están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

**OUTRAS DISPOSICIÓNS.**

Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización; nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos aos participantes.

**ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO:** Tódolos participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

**PERCORRIDOS DAS DIFERENTES CATEGORÍAS.**

**PREBIBERÓN 1 E PREBIBERÓN 2 (2021 - 2022): 50 METROS**



Recta de 50 mts

**BIBERÓN (2020): 100 METROS**



Recta de 100 mts

Regulamento carreira popular “III Milla Popular Interxeracional - Concello de Fene”  
07-06-2026

**PREBENXAMIN (2018 – 2019) E BENXAMÍN (2016 – 2017): 200 METROS**



Ida e volta á recta de 100 mts.

**ALEVÍN (2015 - 2016 ) E INFANTIL (2012 - 2013): 400 METROS**



Ida e volta á recta de 200 mts

**CADETE, SUB 23, SENIOR E MÁSTER: 1600 METROS**



**1 volta grande + 1 volta pequena ao circuito**